



**DECRETO 276/1999, POLO QUE SE REGULA A
COMPOSICIÓN E AS FUNCIÓNS DO CONSELLO ASESOR
DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA**

DECRETO 276/1999, DE 21 DE OUTUBRO, POLO QUE SE REGULA A COMPOSICIÓN E AS FUNCIÓNS DO CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL DE GALICIA (DOG Nº 211, 2 DE NOVEMBRO DE 1999).

A liberalización das telecomunicacións e o relanzamento do sector audiovisual supuxo un reto de especial importancia que nos obrigou a adoptar medidas para cubri-las necesidades que a Comunidade Autónoma de Galicia vai demandar no futuro, correspondéndolles ás administracións públicas xogar un papel de motor que faga ver ó resto da sociedade as vantaxes que comporta a utilización destas novas técnicas, tanto desde o punto de vista económico coma social, pola transcendencia no eido do desenvolvemento económico, cultural e de ocio que as telecomunicacións e o sector audiovisual teñen e terán máis no futuro.

Neste sentido, a Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, estableceu un marco xurídico básico das telecomunicacións, creándose polo Decreto 307/1995, do 13 de xullo, no que atinxe á Comunidade Autónoma galega, o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, sucesivamente modificado polos Decretos 354/1996, do 19 de setembro, e 199/1998, do 2 de xullo.

A entrada en vigor da Ley 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, supón un feito de singular importancia, ó ordenar un marco normativo definidor das liñas fundamentais do sector audiovisual galego co fin de potencia-lo seu crecemento e o seu desenvolvemento e permitirlles ós cidadáns e ós axentes profesionais e empresariais expresarse cos medios oportunos dentro do noso espacio audiovisual e cultural.

Por iso a dita lei obriga a unha nova regulación daqueles organismos que desempeñan actividades directamente relacionadas co sector audiovisual galego co fin de adaptalos ás súas previsións.

Neste sentido, a Lei do audiovisual de Galicia dálle un pulo máis ó Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, creando na súa estrutura comisións sectoriais de operadores, usuarios e empresas relacionadas coas actividades audiovisuais, propiciando o autocontrol dos axentes do sector no respecto ós principios que rexen a súa actividade, e os dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Por outra banda, co fin de lles garantir ós usuarios unha oferta de servizos competitivos, atribúenselle ó Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual funcións de arbitraje na resolución dos conflitos que poidan xurdir.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteún de outubro de mil novecientos noventa e nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Regúlanse a composición e as funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, que é o máximo órgano asesor do Goberno da Comunidade Autónoma en materia de telecomunicacións e audiovisual.
2. O Consello Asesor adscríbese, sen prexuízo da súa independencia funcional, ao departamento competente en materia de medios de comunicación social, telecomunicación e audiovisual.

Artigo 2º (3)

Son funcións do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia:

- a) *Propoñerlle, a través da Secretaría Xeral de Medios, á Xunta de Galicia cantas medidas considere oportunas no ámbito das telecomunicacións e o audiovisual.*
- b) *Coñecer e emitir informe sobre as liñas estratéxicas de actuación recollidas no libro branco das telecomunicacións, así como no futuro libro branco do audiovisual de Galicia.*
- c) *Coñecer e emitir informe sobre os proxectos lexislativos e regulamentarios en materia de telecomunicacións e audiovisual que sexan competencia da Comunidade Autónoma.*
- d) *Emitir informes sobre os temas relacionados coas telecomunicacións e audiovisual que o/a presidente/a do consello someta á súa consulta.*
- e) *Coñecer, mediar e resolver a través do procedemento de arbitraje os conflitos que lle sometan as persoas interesadas, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei do audiovisual de Galicia.*
- f) *Propicia-la cualificación e o autocontrol en relación cos contidos dos medios de difusión audiovisuais específicos do ámbito da Comunidade Autónoma, en coordinación coa Secretaría Xeral de Medios.*
- g) *Calquera outra función que, no marco das súas competencias, se lle atribúa por algunha disposición legal ou regulamentaria.*

Artigo 3º (1) (2) (3)

A composición do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia tenderá a acadar unha participación equilibrada de mulleres e homes e estará formado por:

1. *Presidente: o presidente da Xunta de Galicia.*
2. *Vicepresidente/a I: a persoa titular do departamento competente en materia de medios de comunicación e audiovisual.*
3. *Vicepresidente/a II: a persoa titular do departamento competente en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.*
4. *Vicepresidente/a III: a persoa titular do departamento competente en materia de cultura.*
5. *Vogais:*

(1) *Redacción dada polo Decreto 326/2003, do 24 de xullo (DOG nº 149, do 4 de agosto de 2003)*

(2) *Redacción dada polo Decreto 592/2005, do 29 de decembro (DOG nº 7, do 11 de xaneiro de 2006)*

(3) *Redacción dada polo Decreto 364/2009, do 30 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 2009)*

1. *En representación da Administración Autonómica, designados polo/a presidente/a do Consello Asesor e por proposta das persoas titulares dos departamentos respectivos:*
 - *Dous/duas vogais en representación do departamento con competencias en materia de cultura*
 - *Dous/duas vogais en representación do departamento con competencias en materia de modernización tecnolóxica.*
 - *Dous/duas vogais en representación do departamento con competencias en materia de protección civil.*
 - *Tres vogais do departamento con competencias en materia de medios de comunicación audiovisual*
 - *Un/unha vogal en representación de cada un dos restantes departamentos que integran a Xunta de Galicia.”*

2. *En representación da Administración Local:*
 - *Unha persoa representante por cada unha das deputacións provinciais galegas, designados polo/a presidente/a do Consello Asesor, por proposta de cada deputación.*
 - *Dúas persoas representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta da dita federación.*
 - *Unha persoa representante de cada unha das sete cidades maiores de Galicia, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta de cada concello.*

3. *En representación doutros organismos vinculados co sector de telecomunicacións e audiovisual:*
 - *Unha persoa representante por cada unha das tres universidades de Galicia, especialistas en temas de telecomunicación e audiovisual, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta de cada un dos respectivos reitores.*
 - *Unha persoa representante do Centro de Supercomputación de Galicia, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta do mencionado centro.*
 - *Unha persoa representante de cada unha das escolas de Imaxe e Son, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquelas.*
 - *Unha persoa representante da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquela.*

4. *En representación dos sindicatos, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta das ditas organizacións:*
 - *Unha persoa representante de cada un dos tres sindicatos máis representativos en Galicia.*

5. *En representación dos usuarios:*
 - *Unha persoa representante da Asociación Española de Usuarios de Telecomunicacións e da Sociedade da Información, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquela.*
6. *En representación dos/as industriais e comercializadores e comercializadoras, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia:*
 - *Dúas persoas representantes da industria de fabricación de equipos de telecomunicacións.*
 - *Unha persoa representante dos comercializadores e importadores de equipos de telecomunicacións.*
7. *En representación dos operadores de servizos de telecomunicacións, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daqueles:*
 - *Unha persoa representante por cada un dos operadores que presten servizos na nosa Comunidade Autónoma.*
8. *Tres representantes da Compañía de Radiotelevisión de Galicia, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquela.*
9. *Unha persoa representante do Consorcio do Audiovisual de Galicia, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta do/a presidente/a do Consorcio.*
10. *En representación da televisión e da radiodifusión sonora, os representantes de cada un dos sectores seguintes, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta deles:*
 - *Radio Televisión Española en Galicia.*
 - *Televisións privadas de ámbito estatal con delegación en Galicia.*
 - *Concesionarios/as das televisións privadas de cobertura autonómica.*
 - *Concesionarios/as das televisións privadas de cobertura local, segundo demarcacións.*
 - *Concesionarios/as das televisións públicas de cobertura local, segundo demarcacións.*
 - *Grupos de comunicación que emiten a través das concesións de emisoras de carácter comercial outorgadas pola comunidade autónoma .*
 - *Asociación de emisoras municipais galegas.*
 - *Asociación galega de televisións locais.*

11. *Unha persoa representante por cada un dos xornais impresos galegos, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daqueles.*
12. *En representación das asociacións relacionadas co audiovisual galego e empresas de servizos de publicidade:*
 - *Unha persoa representante de cada unha das asociacións máis importantes do audiovisual de Galicia, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.*
 - *Unha persoa representante da asociación de telespectadores e radiooíntes, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquela.*
 - *Unha persoa representante de empresas de servizos de publicidade, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia.*
13. *Unha persoa representante da Fundación Galicia-Europa, designado polo/a Presidente/a do Consello Asesor, por proposta daquela.*
14. *Ata un máximo de once vogais, designados polo/a Presidente/a do Consello Asesor, entre personalidades de recoñecido prestixio no sector das telecomunicacións e do audiovisual.*
 - *Secretario/a: un funcionario/a da Secretaría Xeral de Medios, con voz e voto.*

Artigo 4º

O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia funcionará en pleno, comisión permanente e a través das comisións ás que se refire o artigo 15 da Lei do audiovisual de Galicia e, así mesmo, de cantas decida crea-lo propio consello dentro das súas competencias.

Artigo 5º

Compoñerán o Pleno do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia o presidente, os vicepresidentes, os vocais e o secretario.

Artigo 6º

O Consello Asesor rexeráse, canto á súa convocatoria, deliberacións e adopción de acordos, polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como polo disposto no seu regulamento de funcionamento.

Artigo 7º

O Pleno do Consello reuniráse unha vez ó ano en sesión ordinaria, e en extraordinaria por decisión do presidente ou cando o solicite a metade máis un dos seus membros.

Artigo 8º (1) (2)

1. A Comisión Permanente estará composta polos seguintes membros:

A) Presidente/a: o/a vicepresidente/a I do Consello Asesor.

B) Vicepresidentes/as 1º e 2º: o/a vicepresidente/a II e III do Consello Asesor e con esta prelación

C) Vogais:

a) Dous do punto 1, do artigo terceiro.

b) Un do punto 2, do artigo terceiro.

c) Un do punto 3, do artigo terceiro.

d) Un do punto 4, do artigo terceiro.

e) Un dos puntos 5 e 6, do artigo terceiro.

f) Dous do punto 7, do artigo terceiro.

g) Un do punto 8, do artigo terceiro.

h) O do punto 9, do artigo terceiro

i) Un do punto 10, do artigo terceiro.

j) Un do punto 11, do artigo terceiro.

k) Un do punto 12, do artigo terceiro.

l) O do punto 13, do artigo terceiro.

m) Tres do punto 14, do artigo terceiro.

D) Secretario/a: o/a secretario/a do Consello Asesor.

Para a constitución da comisión permanente, cada un dos grupos de entidades representadas que se citan propoñerán a designación, pola súa vez, de entre os seus membros electos, do/a vogal ou vogais que lles corresponda. No caso de non realizar ningunha proposta de designación, quedará aquela validamente constituída cos vogais propostos, seguindo a orde numérica que expresa o artigo 3 deste decreto, referida a cada grupo representado.

2. Serán funcións da comisión permanente:

a) Elevarlle ó Pleno, co seu parecer, os estudos e informes dos grupos de traballo constituídos e das comisións sectoriais, así como as propostas de acordo que considere necesarias.

b) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos previstos no artigo 2º c) deste decreto, salvo que o seu presidente decida expresamente sometelos ó coñecemento do Pleno.

c) Exercer, logo do informe da comisión sectorial correspondente, as funcións de arbitraje na resolución de conflitos que lle sometan os interesados, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei do audiovisual de Galicia.

(1) Redacción dada polo Decreto 592/2005, do 29 de decembro (DOG nº 7, do 11 de xaneiro de 2006)

(2) Redacción dada polo Decreto 364/2009, do 30 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 2009)

d) Elaborar un informe anual, de carácter público, sobre a actividade dos respectivos sectores no ámbito da Comunidade Autónoma.

e) Aquelas funcións que acorde delegarlle o Pleno ou lle asigne o regulamento de funcionamento do consello.

Artigo 9º (1)

- 1. Para o estudio de temas concretos e como órganos de traballo do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia poderanse constituír, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei do audiovisual de Galicia, comisións especializadas integradas por ata un máximo de sete vogais designados pola comisión permanente, que serán presididas polo vocal que designe o presidente do consello asesor. Poderán estar asistidas por representantes destacados do sector ou por expertos nos temas obxecto de estudio.*
- 2. Os informes emitidos polas comisións non terán carácter vinculante e elevaranse á comisión permanente que dará traslado deles ó Pleno e ao departamento competente por razón da materia.*

Disposicións adicionais

Primeira.- Para os efectos do presente decreto e de acordo co previsto nos artigos 3 e 10º.1 do Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 79, do 26 de abril de 2005), considéranse televisións privadas, de ámbito local ou autonómico, as clasificadas como tales que posúan a correspondente concesión do servizo de televisión.

Segunda.- Para os efectos do presente decreto e de acordo cos artigos mencionados na disposición adicional primeira, considéranse televisións municipais públicas as clasificadas como tales que posúan a concesión do servizo de televisión correspondente.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 307/1995, do 13 de xullo, polo que se crea o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia e se establece a súa composición e o seu réxime de funcionamento, agás o parágrafo primeiro do artigo primeiro, o Decreto 354/1996, do 19 de setembro, e o Decreto 199/1998, do 2 de xullo.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste decreto.

(1) Redacción dada polo Decreto 592/2005, do 29 de decembro (DOG nº 7, do 11 de xaneiro de 2006)

Disposicións derradeiras

Primeira.-Queda facultado o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste decreto, por proposta do secretario/a xeral de Medios.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.